

EDUCACIÓN INFANTIL: QUE FACER DURANTE ESTES DÍAS

Veñen días de estar na casa, sabémolo. Días estraños nos que non podemos botar man das actividades que facemos habitualmente; a escola, os paseos e os parques teñen que agardar, pero manter as rutinas é importante. Por iso, queremos facervos unhas propostas de actividades que agardamos sexan de utilidade neste período. Establecer e manter unhas rutinas coas nenas e os nenos pode axudar e, con esa intención, achegamos esta listaxe.

-Facer exercicio: hai que moverse e hai mil maneiras de facelo. Podemos bailar, facer un karaoke, inventar coreografías, xogar a xestos, ao zapatiño inglés, saltar á goma ou o imitar posturas ou ioga infantil.

-Novas tecnoloxías: o día é moi longo así que este, usado con moderación, tamén é un bo recurso para aprender e divertirse ao mesmo tempo. Deixamos dous exemplos de páxinas web: JUEDULAND e FANTASMN. Iremos poñendo máis propostas.

-Ler moito: os contos ofrecen moitas posibilidades de entretemento. Lelos, debuxar os personaxes, inventar finais alternativos, facer representacións, crear unha historia diferente cos protagonistas, buscar algunha palabra significativa... Non esquezades ofrecer outros tipos de texto ademais de contos, libros de receitas, de natureza, de información diversa, etc

-Xogos de mesa: nunha partida de oca, de parchís ou xogando ás cartas practicaremos a atención e a memoria, así como diferentes contidos matemáticos. Pero as matemáticas están tamén nas situacións cotiás máis sinxelas. Ao longo do día hai moitos momentos que son axeitados para xogar a contar ou para plantexarse resolución de problemas que implican pensamento lóxico, espazo-temporal, etc. Estas situacións poden darse espontáneamente ou podemos preparalas de xeito sinxelo. Por exemplo, despois de tender a roupa podemos deitar as pinzas no chan e facer estimacións sobre cantas hai de cada cor, clasificar, facer un xogo de construción, etc.

-Debuxar: preparar un caderno a xeito de diario para que debuxen sobre as experiencias do día. Procurade que sexa un momento de calma. Podedes animalos a escribir un título para o debuxo.

-Facer un calendario ou aproveitar un que teñamos na casa para rexistrar o paso do tempo.

-Aproveitar situacións cotiás: facer lista da compra, ler etiquetas de produtos, prezos, buscar en internet...Facer listas de palabras, xogar con letras móbiles a compoñer nomes.

-Outras actividades: cociñar, papiroflexia sinxela (avións de papel, barcos,...), teatro, facer recortables, actividades plásticas con diferentes materiais (témperas, acuarelas, rotuladores, ...), plastilina, disfraces, xogo simbólico, puzzles, construcións, etc.

Moitos ánimos